



RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

usc.rips@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

Araujo Cardalda, Laureano Xoaquín
Reseña de "La senda del mal. Política y razón de Estado" de Rafael del Águila Tejerina
RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 2, núm. 2, 2003, pp. 163-164
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38020211>

- Cómo citar el artículo
- Número completo
- Más información del artículo
- Página de la revista en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica
Red de Revistas Científicas de América Latina, el Caribe, España y Portugal
Proyecto académico sin fines de lucro, desarrollado bajo la iniciativa de acceso abierto

ÁGUILA TEJERINA, RAFAEL DEL

La senda del mal. Política y razón de Estado

Madrid, Santillana/Taurus, Colección Pensamiento, 2000.

A razón de Estado, que procura a nosa seguridade, a nosa autonomía, o ben común e maila potenciación da nosa comunidade política, pode, sen embargo, contradicir-nos os valores e a nosa concepción da moral e da xustiza. “Las razones de Estado y las razones de orden político protegen las esferas donde nuestras ideas de justicia pueden florecer. Y, al hacerlo, a veces transgreden la moral, la ética o la justicia, con el objetivo paradójico de generar el poder político necesario para realizarlas.”

Velaquí a idea central, condensada xa na primeira páxina, do ensaio *La senda del mal. Política y razón de Estado*, no que o profesor Águila Tejerina, catedrático de Ciencia Política e da Administración da Universidade Autónoma de Madrid e especialista en teoría política, estudia a natureza da razón de Estado a través da análise de tres *Idealtypen* de cidadáns: por unha banda, os impecables e mailos implacables, e, por outra, os reactivos, conscientes das terribles tensións e dos elevados custos inherentes á política.

Águila Tejerina entende a *razón de Estado* como unha especie do xénero que chama *razóns de orde política*, coas que se tenta xustificar a realización de certas transgresións ou a anteposición de certos valores co obxecto de defender e potenciar unha orde política que, malia a dominación que implica, resulta desexable para evita-los perigos derivados da súa ausencia. Para preservar unha comunidade política determinada –e tida como a mellor pola súa vertebración e a súa forma de vida específicas–, hai que pagar un prezo: ás veces vai haber que violar certos valores e certas regras esenciais para protexer outros valores non menos esenciais. Esta realidade é tan traxica, dura e dolorosa que desenvolvémo-la tendencia a eludila, ben mediante a súa substitución por un mundo harmonizado no que abunda con actuar impecablemente de acordo coa lei, ben mediante a xustificación implacable de calquera transgresión cometida no nome dun alto fin. Pero, malia os nosos desexos, a “ferida maquiaveliana” –é dicir, a conciencia da natureza traxica da acción política, que Maquiavelo desvela agudamente– non dá curado, porque, na política, non todo é subsumible en regras xerais que proporcionen solucións seguras. Ás veces, o mal é necesario, porque non sempre coinciden a xustiza e mailo ben común, os valores e mailos intereses, a moral e maila política. Pode chegar a ser preciso quebranta-la xustiza para preserva-la comunidade política que fai posible esa xustiza. Hai males dos que nacen consecuencias positivas, hai accións inxustas pero eficaces, hai fins que xustifican os medios.

Non atopamos tampouco regra ningunha á que podernos ater para sabermos cando estamos a actuar correctamente para resgarda-la nosa orde política. Só

témo-lo noso xuízo dubidoso. Á enganosa pero reconfortante seguridade que deriva dos constructos teóricos que pretenden harmonizar racionalmente a nosa vida só lle podemos opo-lo perigo das decisións incómodas tomadas de xeito continxente cando xorden tensións entre xustiza e ben común. Porque é perigoso –e non resulta nada tranquilizador– vulnerar certos valores para preservar outros utilizando medios inxustos e odiosos que só a propia razón de Estado é quen de xustificar. As accións ilegais levadas a cabo por razóns de Estado responden á lóxica política da prudencia, e non poden ser xulgadas de acordo coa racionalidade legal. Pode non ser politicamente prudente aplicar unha regra xeral en determinados casos, aínda que non aplica-la regra nesos casos sexa algo contrario ó principio de legalidade.

É o goberno quen decide secretamente cando é necesario realizar accións políticas inxustas para protexe-la seguridade do Estado. Pero nunha comunidade política democrática, as necesidades do ben común deben ser apreciadas intersubxectivamente, e os acordos sobre o emprego de medios inxustos para defende-la integridade da comunidade política deben ser adoptados de tal xeito que non se produza unha concentración de poder contraria ó pluralismo. Por iso, o marco do debate, das decisións e do control sobre as accións derivadas da razón de Estado debe ser ampliado. Non abunda con que sexa o goberno quen decida: o parlamento debe inspecciona-la actividade governamental.

Hoxe é habitual vincula-la razón de Estado ó aspecto irracional do poder, é dicir, á transgresión ética, á inmoralidade ou ó abuso propios da tiranía. Contraponse, polo tanto, á racionalidade, á xustiza e á liberdade. O *ciudadán impecable* que retrata Águila Tejerina asume esta idea inxenua e absurda porque pensa –de acordo coa idea kantiana da xustiza, de raíz socrática e desenvolvementos cristián, ilustrado e socialista– que o ben común só pode proceder da xustiza, mentres que os actos contrarios ós principios só poden ter consecuencias inxustas. O fin nunca xustifica os medios (v.g., os violentos), porque un medio que non sexa moralmente aceptable non o é tampouco politicamente. Non hai razón política ningunha que poida amparar unha inxustiza. A política rexida pola moral convértese así, para o cidadán impecable, na única vía para solucióna-los problemas, nun dominio perfectamente harmonizado no que calquera dilema pode ser resolto de acordo coa lei. Alén deste respecto á lei, a política non ten custo ningún para o cidadán impecable, que non se cre na obriga de responsabilizarse dunhas decisións que toman os garantes da nosa liberdade, é dicir, os representantes políticos e mailos burócratas. O cidadán

impecable, convencido da natureza harmoniosa da política, esixe, obsesiva, permanente e simultaneamente, limpezza moral e seguridade.

Claro que así, o cidadán impecable non é quen de comprender certas realidades políticas, sobre as que acaba por perder calquera tipo de control. Convértese nun cidadán debilitado, dependente e manipulable. Este tipo de cidadán é especialmente acaído na modernidade liberal-democrática, xa que o neoliberalismo tamén foxe da política, dese espacio groseiro no que o ben común e a xustiza non son sempre compatibles. No mercado libre, en cambio, a interacción económica só produce resultados xustos, porque persegui-lo beneficio individual redunda no ben común.

O *ciudadán implacable*, pola súa banda, pretende harmoniza-las tensións entre xustiza e ben común, derivadas da natureza dicotómica da política, anulando un dos seus polos. Águila Tejerina observa como este tipo de cidadán valora sempre, por riba de todo, as altas finalidades políticas ligadas ó ben común, á seguridade ou á soberanía, e xustifica calquera transgresión ética feita no nome destas altas finalidades (v.g., o nacionalismo radical, o fascismo ou o bolxevismo). Así, a harmonía política, que se identifica cun aparato de poder político forte, non pode romper nunca. A potenciación absoluta da orde política é a única fonte da xustiza. De feito, o cidadán implacable non se preocupa pola xustiza, xa que esta lle é consubstancial ó ben común.

Águila Tejerina non está a reivindicar-lo cidadán que, consciente de que o mal é inseparable da política, se retira deste ámbito en nome duns valores que na práctica han ser necesariamente preteridos con certa frecuencia. Porque a elegante actitude deste cidadán individualista agacha a súa fuxida dunha realidade tráxica que non asume e á que renuncia a enfrontarse. O cidadán antipolítico participa, sen custo ético ningún, de tódalas vantaxes (v.g., a seguridade) que lle proporciona a comunidade política á que pertence. Dende a súa soberbia narcisista rexeita calquera idea de reflexión, de compromiso ou de participación verbo da orde política. Evidentemente, outros decidirán por el.

O *ciudadán reactivo*, pola contra, non lle gusta ser ignorado no uso das razóns de orde política. É consciente da súa condición humana e limitada; entende, humildemente, que se sente inseguro fronte a moitos dilemas políticos; e cre que é perigoso aspirar categoricamente a un mundo seguro e libre de incertezas, porque ese mundo sería o dos impecables –idiotizados pero felizmente arroupados por unha comunidade política perfectamente limpa que lles debe todo e á que non lle deben nada– ou o dos implacables –cegos e desconsiderados fronte a unha realidade política que pretenden controlar totalitariamente–. O cidadán virtuoso ten a suficiente modestia e sensibilidade para saber que a democracia non é máis ca un sistema político recente e occidental. Foxe do dogmatismo cronocéntrico e etnocéntrico, polo que rexeita que os seus valores sexan intrinsecamente universais. Pero tamén pensa, malia a dúbida que sempre o

acompaña, que ten que se responsabilizar con prudencia, reflexión e xuízo do seu sistema político, a democracia, que non considera perfecto pero si unha cuestión de dignidade. Actúa guiado polo empeño en vincula-la lexitimidade á xustiza e en utilizar métodos racionais para afronta-los problemas políticos, pero sabe que hai moitas situacións nas que as regras racionais e xustas resultan ineficientes, polo que debe proceder de acordo coa ética da responsabilidade reivindicada por Max Weber.

Águila Tejerina, en definitiva, recórdano-la inquietante evidencia de que a política e o mal están conectados. En efecto, cando se supón que o que está en xogo é a propia orde política democrática –e esta suposición é, dende logo, relativa–, non queda máis remedio que sacrificar certos principios. Somos gobernados a través da lei racional, pero tamén a través de decisións políticas tan inxustas como inevitables. O noso deber como cidadáns é comprende-las accións levadas a cabo por razóns de Estado –que perseguen finalidades e infrinxen principios–, mantelas controladas dentro dos límites máis reducidos que nos sexa posible establecer, e responsabilizarnos delas. Este é o prezo a pagarmos se queremos que se nos devolva a política.

Algúns aspectos do ensaio de Águila Tejerina –como o extenso tratamento dado ó nacionalismo como caso de implacabilidade política– merecerían certamente ser comentados dun modo pormenorizado. Pero, por riba de calquera crítica ou matización que se lle poida facer a este rico, comprometido e estimulante traballo, esperamos que poida contribuír a airear un pouco, mediante o debate social, o noso asfixiante ambiente político rexido polo pensamento único. ¿Non debería preocuparnos, por exemplo, a posibilidade de que, a través da razón de Estado, esteamos a converter nun absoluto unha orde política coma a nosa, que non deixa de ser tan susceptible coma calquera outra de ser substituída para dar lugar a un sistema de dominación diferente?

Cando acabamos de supera-los días de lembranza mediático-institucional da proclamación de Juan Carlos de Borbón como rei de España, o 22 de novembro de 1975, e do golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981, convén rler tamén algún dos importantes traballos sobre a transición política que Águila Tejerina vén publicando dende hai varios lustros, e nos que xa aparecen reflexións sobre a delicada cuestión abordada agora, con xenerosa amplitude, en *La senda del mal. Política y razón de Estado*. ¿Foron necesarios os elevados custos da democratización: a desigualdade das cesións feitas polos reformistas e pola oposición democrática, a confirmación dos privilexios socioeconómicos de certos grupos, ou a consagración dunha cultura política non participativa por mor dos acordos secretos tomados polas elites? *A vous de juger*.

Laureano Xoaquín Araujo Cardalda
Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de C. Política e da Administración